



**BASES REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO DA AULA DE REFORZO ESCOLAR
DE INGLÉS PARA EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2022/2023.**

Artigo 1. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación é o Concello de Barbadás.

Artigo 2. Concepto

A Aula de reforzo escolar de inglés é unha medida educativa dirixida a completar lagoas de coñecemento na devandita materia ou repasar contidos concretos traballados en clase ou ben naqueles casos nos que as necesidades do alumnado o requiran. Dirixirase á recuperación de destrezas que dificultan ao alumno/a seguir o desenvolvemento ordinario das clases de inglés no seu centro escolar. Será xestionado directamente polo Concello de Barbadás a través da Concellería de Educación.

Artigo 3. Destinatarios

Calquera alumno/a matriculado/a durante o presente curso escolar, 2022/2023, en Educación Primaria (dende 1º ata 6º) e que se atope empadroado/a no Concello de Barbadás, agás causas excepcionais debidamente xustificadas.

Artigo 5. Número de prazas ofertadas

Establécese un máximo de 12 alumnos/as por aula.

Para que se leve a cabo a actividade será preciso un número mínimo de 8 nenos/as.

Artigo 6. Criterios de selección

A orde de selección será por rigorosa orde de entrega da solicitude a excepción das solicitudes que veñan acompañadas de informe do servizo de orientación do centro docente ou informe social, que terán preferencia.

No caso de que o número de solicitudes sexa maior que o de prazas ofertadas, os/as solicitantes pasarán a formar parte da lista de espera.

As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido nas presentes bases, estarán suxeitas á existencia de prazas libres, pasando á lista de espera por orde de entrada en caso de non existir prazas, coa excepción daquelas que acompañen informe do servizo de orientación do centro docente ou informe social que terán preferencia.

Artigo 7. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de inscrición será dende o día 12 ao 16 de setembro de 2022.





Concello de Barbadás Concellería de Educación

A solicitude debidamente cumprimentada deberá presentarse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>
- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello, Oficinas A Valenzá)
- As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello (www.barbadas.es)

O día 20 de setembro publicaranse as listaxes provisionais e o día 27 de setembro publicaranse as listaxes definitivas dos/as solicitantes admitidos/as e de espera.

As listaxes publicaranse na páxina web do Concello, www.barbadas.es.

As listaxes publicaranse indicando o número de rexistro da solicitude.

Artigo 8. Importe.

A Aula de reforzo escolar é de balde, está subvencionada polo Concello de Barbadás.

Artigo 9. Horarios e lugar das clases

As clases comezarán o día 3 de outubro de 2022 e rematarán o día 31 de maio de 2023.

O calendario a seguir rexerese polo calendario escolar marcado para o curso 2022/2023, considerándose lectivos só os días que nel se fixen como tales.

O lugar e horarios onde se impartirán as clases serán:

- Reforzo de Inglés: Instalacións municipais Parque da Solaina

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
16:30 - 17:30	1º Primaria 2º Primaria	3º Primaria 4º Primaria	5º Primaria 6º Primaria	1º Primaria 2º Primaria	3º Primaria 4º Primaria
17:30 - 18:30	5º Primaria 6º Primaria				

Artigo 10. Normas de funcionamento

- É obrigatoria a asistencia. A acumulación de tres faltas sen xustificar ou a reiteración de faltas xustificadas dará lugar á baixa na actividade sen reivindicación algunha de dereito por parte do participante. As faltas deberán ser xustificadas polos pai, nais, ou titores legais, mediante xustificante cumprimentado e asinado.
- No caso de que o comportamento do/a alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade ou un mal uso da aula de reforzo escolar, procederase a avisar á familia e a dar o/a de baixa en dita actividade.





Concello de Barbadás Concellería de Educación

- A baixa voluntaria das clases deberá comunicarse o mes anterior o que o/a alumno/a deixe de asistir.
- No caso de que a valoración do alumno/a indique que acadou os obxectivos programados e exista lista de espera, o servizo terá dereito a dar de baixa a dito/a alumno/a pasando a súa praza o seguinte alumno/a en lista de espera.
- Non se admitirán cambios de aula dos/as alumnos/as.

A participación nas actividades suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.

